

**O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL****CORTE Nº 4 CINTA 7****NOME DO DOCUMENTO:**

MPG\_SaVi\_0007\_004\_en\_0\_27\_03\_id646\_D

**AUDIO DE REFERENCIA:**

MPG\_SaVi\_0007\_004\_en\_0\_27\_03\_id646.mp3

**INFORMACIÓN DA ENTREVISTA**

Esta ficha recolle o cuarto corte dos que se divide a sétima das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala de diferentes naufraxios producidos na Costa da Vela.

**NOTA DAS EDITORAS**

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

## DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 7 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
  - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
  - Parroquia:** O Carmen
  - Concello:** Moaña
  - Provincia:** Pontevedra
  - País:** Galicia

## NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

## PALABRAS CHAVE

mar, mariñeiro, pesca, néboa, naufraxio, Costa da Vela, boliche, Moaña, Cangas, cruz, marusía, barco

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Sara Santalla Iglesias



## TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 4 DA CINTA 7

P: Vamos a falar dos peligros que... os peligros que creaba o mar, que se facían no mar. Normalmente os peligros máis grandes ¿Qué eran os cambios de tempo, non?

R: os peligros máis grandes que había no mar era a niebla.

P: A niebla.

R: A niebla.

P: A niebla consigo non traía mal tempo. Normalmente o que traía era iso que te desorientaba.

R: Exacto.

P: Entonces metíate enriba das pedras.

R: Date conta que che falta a vista.

P: Si.

R: ¿Qué é de ti si che falta a vista? Andas perdido.

P: Andas a cegas. Si.

R: E se botas a andar pois... tropezas

P: ¿Cales eran as zonas máis peligrosas?

R: Todas entradas

P: Todas entradas. Entradas das Cies. Despois por aquí o que era na Guía<sup>1</sup> hai unha zona de pedras que creo que é perigosa ¿Non?

R: Ahí tamén collías a... o malo era que collías... era chegar ó punto, coñecer o terreno.

P: Si, si.

R: Porque si te orientas inmediatamente que chegas alí, dices “ala estamos en tal sitio” o malo é mentras non recoñeces o terreno que non eres capaz de orientarte.

P: Acórdase así de accidentes e naufraxios que houbera na Costa da Vela, pola zona da Costa da Vela de xente de aquí de Moaña.

R: Na costa da Vela hai algúns.

P: Eses que iban... eses que me dixera que iban a traballar co boliche ¿Non?

R: Nese morreron tres homes alí e o patrón que era da de “Almas”.

P: ¿As de “Almas”?

R: Tiña un boliche un xenro do de “Almas”, tiña un boliche. E ese era o home da parteira<sup>2</sup>, da que recollía os nenos cando nacían, e volcou. Largaron nun minuto ¡O que é non ter, non ter... a niebla! Pois sabían o terreo onde estaban, pero non miraron o mar, porque sabían que estaban no terreo alí e largaron o aparello e cando viñan a recoller a boia.

P: Si.

R: Sabes que se deixa a boia aquí e o aparello vaise largando, e cando ves aquí a coller o aparello ven un mar, unha lévada desas altas e colléronno por aquí e revirouno así. Pois o que oes con catro homes a bordo e quedaron todos a debaixo do mar.

P: Alí na Costa da Vela ¿Non?

R: Si.

P: E por culpa da niebla.

R: Claro, porque se non houbera niebla mirabas a lévada do mar ¿Non?

P: Claro.

R: E entón poñíalle proa e así colleute de costado.

P: E volcounos todos e morreron os catro ¿Sobre que ano foi? ¿Non se acorda?

R: Non me acordo, fai moitos anos.

P: E despois que outros accidentes pudo haber así polos nos Carallóns alá houbo algún accidente ou polas Cies.

<sup>1</sup> En Moaña chamamos “A Guía” ao o lugar onde estaba a fábrica de conservas “A Guía”, na punta o Arroás, na parroquia de Meira.

<sup>2</sup> Constantina Pérez Calvar, parteira e curandeira a quen Moaña lle dedicou unha rúa en marzo de 2009



R: Alá nos Carallons houbo varios accidentes, hasta de mercantes. Mercantes cando se cerraba de niebla entón embarrancaban nos Carallóns.

P: ¿E tripulacións de Moaña?

R: A esa zona, da Costa da Vela, varios de Moaña está marcada con moitas cruces (?).

P: Si. Hai moito naufraxio alí.

R: Muitos, muitos. Porque se traballaba de través. A lévada viña de así, en vez de vir así a lévada (xesticula cos brazos).

P: Si.

R: E chocares contra ela ti, poñíaslle fronte á lévada.

P: ¡A, a lévada do mar!

R: Do mar cando sube a lévada en presenza do mar.

P: Si.

R: Cando fai esa maretta.

P: Si. Si. Hai que collela atravesada para emproar a lévada ¿Non?

R: Hai que collela aproada. Porque se te colle atravesada con ela...

P: Si.

R: Pois e cando te tumba.

P: ¿Que accidentes, que naufraxios se acorda máis? ¿De “Ave do mar” tamén?

R: Do “Ave do mar” acórdome como si fora onte.

P: ¿Eso onde foi?

R: Foi na Illa.

P: Na Illa ¿Na boca Norte ?

R: Na Porta, entre as dúas illas. Demasiado mal tempo.

P: ¿De quen era o barco?

R: É de Eduardo<sup>3</sup> de “Leta”, do do cine.

P: Si.

R: (?) que cometemos moitas veces os mariñeiros, as barbaridades que cometemos co mal tempo os mariñeiros queremos facer moi fortes e veñen estes sucesos.

P: Si.

R: Porque había unha maruxía completa, unha maruxía grande, que estaba o mar elevado e non estaba nada visible a noite. E aínda dous barcos, aínda atravesaron o porto. Pero ese veu, , así que veu unha lévada desas pola popa, deulle pola popa cando estaba entrando.

P: Si.

R: E deulle dous ou tres tumbos e levouno as rocas. Así son con xente, aparello e todo a bordo.

P: Si. E morreu moita xente ¿Non?

R: Home, todos.

P: Todos ¿Non se salvou?

R: Todos.

P: ¿Sobre que ano? ¿Non se acorda? Sobre o cincuenta principios do sesenta ou así.

R: Sobre o sesenta sería, sobre o sesenta<sup>4</sup>.

P: Sobre o sesenta ¿A maruxía é un mar de que vento? ¿De onde ven?

R: Ven do Oeste todo.

P: Do Oeste.

R: O mar máis elevado e de leva máis alta.

P: É do Oeste.

R: É do Oeste.

P: Aparte do “Ave do Mar” houbo outro me parece o de Benito o “Ave Sin Puerto” ¿Non se acorda si houbera un naufraxio?

<sup>3</sup> Eduardo Pérez Carlvar, irmán de Constantina (antes mencionada) e gran emprendedor. Chegou a ter barco da ardora, cine Prado de Moaña e edificio Las Arenas con hotel, restaurante e bar.

<sup>4</sup> Aconteceu na véspera do patrón de Moaña, San Martiño, o día 10 de novembro de 1956.

R: O do “Ave del Mar”, pero o “Ave Sin Puerto” non.

P: Non, non chegou a ter así naufraxios. E que máis. O Centoleira<sup>5</sup>.

R: O Centoleira tamén lle investiu un barco de Bouzas. Morreron trinta e cinco.

P: Estaban durmindo todos ¿Non?

R: Non, iban abaixo.

P: Si.

R: O barco era un barco de a baca, [un barco que xa salía pa pescar]. Perdeu o rumbo e eles andaban por aquí pescando pola ría. Colleuno atravesado e xa o partiu en dous cachos.

P: Partiu e morreron case todos ¿Non?

R: Todos. Salváronse un ou dous.

P: E así accidentes e naufraxios... No río Verdugo xa houbera un par deles tamén ¿Non? Iban de excursión.

R: Eses iban de excursión. Eses iban de excursión.

P: ¿Xa non se acorda como lle chamaban o barco? Eses encallaron e...

R: Eses encallaron nas pedras.

P: Ó pasar polo río...

R: Ó pasar polo río. Iso por non coñecer o terreno.

P: ¿O uso dos pistóns ten producido accidentes tamén?

R: Cales.

P: O usar pistóns na xente, por non saber usalos ¿Ten producido accidentes de estoupar na man?

R: (?) perder unha man por aquí...(sinala a parte da man)

P: Perder a man ¿E chegar a morrer algún home tamén?

R: Morrer non, pero perder unha man.

P: O que pasa que como estaban prohibidos calábase ¿Non? Se decían que foi maniobrando, que foi...

R: Moitos perden unha man o botar un fuego na romería. Son desgracias que pasan.

P: Si por iso. E destes accidentes chegaronse a sinalizar con cruceiros, con cristos ¿Non?

R: Iso é un cuento.

P: ¿Non?, ahí no Con hai un cruceiro.

R: Hai no Con, alí na praia.

P: Si na praia que houbo un naufraxio ¿Non se acorda como foi ese?

R: Ese non hai... foi no antigo tempo. Eu oía dicir a Pepe o de “Ruperta”<sup>6</sup> que era quen...

P: Si.

R: Que sabía muito diso. (?)

P: E na Illa hai un cruceiro tamén que puxeran cando fora de...

R: Cando fora o do Ave del Mar. Na illa do Sur.

P: Na do Sur. Pero non se acorda así de máis cruceiros que simbolizaran así un accidente.

R: Cruceiros dese cando foi de...

P: Cruceiros no mar, digo.

R: No mar, na Costa da Vela

P: Si.

R: Tamén hai un cruceiro ahí. En Cabo Home.

P: En Cabo Home.

R: Vamos unha Cruz.

P: Si, sí, si.

R: En Cabo Home tamén.

P: Tamén puxeron. A zona do Facho que divisa toda a Costa da Vela...

R: Toda a costa.

<sup>5</sup> O “Centoleira” afundi na noite de Reis de 1964.

<sup>6</sup> Pepe de “Ruperta” era José Costa Alonso, o fundador do Pósito de Moaña.



P: ¿O Facho aquel que era? ¿Sabe?

R: O Facho era un nome que lle puxeron a un terreno.

P: Pero ten unha caseta alí media circular. Si.

R: Era dun vixía.

P: Dun vixía. sí

R: Dun vixía porque miraba toda a Costa da Vela, e toda mirábana así, así, así ¿Non?

P: Si.

R: Pero viviu pouco tempo o vixía alí, mais ou menos. [E daba unhas referencias máis ou menos]. Pero o mar estivo moi abandonado e está. Despois eses ventos que hai se orientan varios puntos que os coñecera. Porque agora mesmo vas desde aquí vas pa Finisterra aquí tes o rumbo desde aquí desde Vigo. De Cabo Home a Finisterra e chegas alá dereito pero antes de chegar xa tes un sonido. E te vas acercando un sonido fuerte, tanto para mercantes como para...

P: Si, si.

R: Pesqueros.

P: Si pero aquí o mellor igual non deixan.

R: Tes sonidos (?) tes sonidos. Tes a boia de Rodeira, tes as pedras de abaixo, pero se estás en terra non podes velo. Se ves de Vigo agora, o barco de pasaxe ven de Vigo topa un barco ou unha proa que obriga a facer un viraxe, xa se perde a dirección. Pois cando vaia a coller a dirección non sabe si a colle ou non a colle.

P: Claro.

R: E si tivera un sonido Cangas, o muelle de Cangas, xa iba dereito ó sonido, a orientación.

P: Claro.

R: Iso era o que lle facía falta a todo o mundo.

P: Pero o mellor a xente protesta porque non a deixa durmir.

R: A si pero...

P: Pero claro é a seguridade.

R: Pero a vida das persoas vale máis que todo na vida.

P: Iso si. Tamén é certo, a seguridade hai que pagala.